



Anotada en el Libro de Resoluciones de
la Junta de Gobierno Local,
con el núm: RES/AYT/26214/2021
24/11/2021

Área / Unidad GESTION DE DEPORTES DJ1000	Documento 21115I05H3	
Código de verificación  0I4S 4T1V 2O6S 402X 0XTA	Expediente 211/2021/843	
	Fecha 22-11-2021	

DECRETO

Visto o informe da xefa do departamento de Deportes que antecede ao presente Decreto e, en uso das facultades que me confire a Lei 7/8195, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e, consonte coa delegación de Alcaldía, mediante decreto 3847/2019 de data 26.06.2019 (BOP núm. 124, de 03.07.2019),

RESOLVO

Único: Aprobar as bases da convocatoria do concurso de creatividade de nadal 2021 "Nadal Deportivo e Creativo", as cales se achegan como anexo.

A Coruña, a data de sinatura electrónica de este documento.

A Conselleira de Deportes, consonte co dispositivo Terceiro letra e) do Decreto 3847/2019 (BOP núm. 124 de 03.07.2019)

Mónica Martínez Lema



CONCURSO "NADAL DEPORTIVO E CREATIVO" 2021. BASES DA CONVOCATORIA

A Concellaría de Deportes convoca o tradicional concurso de debuxo e manualidades "NADAL DEPORTIVO E CREATIVO" dirixido ao alumnado das Escolas Deportivas Municipais que só terá que poñer en marcha as súas habilidades creativas e imaxinar un Nadal o mais deportivo posible.

1. MODALIDADES

1.1. Concurso de debuxo "O DEPORTE E O NADAL".

Participantes: alumnos e alumnas das Escolas Deportivas Municipais nados entre 2009 e 2015.

Tema: a tarxeta combinará as temáticas alusivas ao Nadal e o Deporte, valorándose a orixinalidade e a capacidade creativa.

Formato: libre, cunhas dimensión máximas de 210x297mm (A4) e poderase realizar tanto en vertical coma en horizontal.

A tarxeta deberá ser inédita e estar executada, necesariamente, polo alumno ou alumna das Escolas Deportivas Municipais.

O soporte material será papel, cartolina ou tea e a técnica a empregar libre, podendo usar calquera estilo e material, sen restrición de cores.

Presentación: presentarse soamente unha tarxeta por participante e sen firma.

A tarxeta entregarse nas instalación deportivas municipais de C.D. da Torre, Barrio das Flores ou C.D. de Riazor ata o 10 de decembro de 2021 ás 15:00 horas.

A tarxeta deberá ir acompañada do formulario de participación cumprimentado que figura como Anexo desta convocatoria, todo dentro de un mesmo sobre tamaño A4 pechado.

O formulario de participación poderase descargar igualmente na seguinte ligazón www.coruna.gal/deportes

1.2. Concurso de creatividade "ADORNO DE NADAL".

Participantes: unidades familiares, co único requisito é que un dos membros que a compoña sexa alumno ou alumna das Escolas Deportivas Municipais.

Tema: o adorno combinará as temáticas alusivas ao Nadal e o Deporte, valorándose a orixinalidade e a capacidade creativa.

Formato: libre, cunhas dimensión máximas de 1x1x1m (1m³) empregando obrigatoriamente materiais reciclados.

O adorno deberá ser inédito e estar executado, necesariamente, polo alumno ou alumna das Escolas Deportivas Municipais, podendo ser asistido por un familiar.



O soporte material será libre, podendo usar calquera técnica e material sempre que sexa reciclado, sen restrición de cores e permitíndose a súa mellora con pintura, purpurina ou algún outro acabado, preferiblemente respectuoso co medio ambiente.

Presentación: presentarse soamente un adorno por participante e sen firma, se ben este pode estar composto por varias pezas (por exemplo, no caso de un nacemento).

O adorno entregárase nas instalación deportivas municipais de C.D. da Torre, Barrio das Flores ou C.D. de Riazor ata o 10 de decembro de 2021 ás 15:00 horas.

O adorno deberá ir completamente montado e acompañado do formulario de participación cumprimentado que figura como Anexo desta convocatoria, todo dentro de unha caixa pechada.

O formulario de participación poderase descargar igualmente na seguinte ligazón www.coruna.gal/deportes

2. EXPOSICIÓN DE TRABALLOS

Todos os traballos presentados serán expostos na entrada do Palacio Municipal dos Deportes de Riazor dende o día 17 de decembro de 2021 ata o 7 de xaneiro de 2022, podéndose ampliar a outras instalacións municipais en función do volume de participación.

3. XURADO

Para a elección do gañador ou gañadora de cada modalidade constituirase un xurado composto por 5 persoas que formarán parte da Concellaría de Deportes e que realizarán unha votación mediante sobre pechado o día 15 de decembro ás 11:00 horas no Palacio Municipal dos Deportes de Riazor. O fallo será inapelable.

4. PREMIO

O gañador ou gañadora de cada modalidade recibirá un Diploma de recoñecemento e unha tarxeta regalo do Corte Inglés.

O gañador ou gañadora de cada modalidade será contactado telefonicamente para informarlle do resultado da decisión do xurado e convocado para a entrega do premio o 17 de decembro de 2021 ás 19:00 horas na entrada do Palacio Municipal dos Deportes de Riazor, coincidindo coa inauguración da exposición.

Tanto o adorno coma a tarxeta premiados quedarán en poder da Concellaría de Deportes, que se reserva o dereito de reproducir, empregar e publicar por calquera medio.

5. TRABALLOS NON PREMIADOS

Se transcorridos 15 días dende o peche da exposición ao público non se recollen os traballos presentados, entenderanse doados ao Concello da Coruña, que poderá dispor deles libremente.

6. PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais facilitados polos solicitantes serán tratados polo Concello da Coruña con dirección en María Pita, 1 15001 A Coruña, para xestionar as Escolas Deportivas



Municipais. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase na necesidade de que a prestación dos servizos contemplada nas EDM conleva o tratamento de datos persoais. O Concello conservará os datos durante o tempo que sexa necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se poidan derivar da finalidade exposta e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación.

O interesado poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos mediante comunicación por escrito dirixida ao Rexistro Xeral do Concello da Coruña, sito en Praza María Pita, 1. 15001 A Coruña, coa seguinte referencia na súa carta: "LOPD Exercicio de dereitos" (xunto á súa solicitude escrita e asinada, deberá acreditar a súa personalidade achegando fotocopia do D.N.I) ou ben mediante solicitude na sede electrónica. Dado o carácter confidencial da información, non poderá exercer os seus dereitos telefonicamente, posto que este medio non permite acreditar a identidade como titular dos datos rexistrados.

7. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación neste concurso supón a total aceptación das bases.



ANEXO. PARTICIPACIÓN CONCURSO "NADAL DEPORTIVO E CREATIVO".

NOME E APELIDOS DO PARTICIPANTE

DATA DE NACEMENTO

MODALIDADE DE PARTICIPACIÓN

☐

Concurso de debuxo "O DEPORTE E O NADAL".

☐

Concurso de creatividade "ADORNO DE NADAL".

ESCOLA DEPORTIVA Á QUE ASISTE

NOME DO PAI, NAI OU TITOR/A

DNI DO PAI, NAI OU TITOR

TELÉFONO DE CONTACTO

E-MAIL DE CONTACTO

Como pai, nai, titor/a do participante, DECLARO que lin as bases da convocatoria do concurso "NADAL DEPORTIVO E CREATIVO" da Concellaría de Deportes do Concello da Coruña e que as acepto na súa totalidade e AUTORIZO a súa participación neste concurso.

A Coruña, a ____ de _____ do 2021.

Sinatura